



A/A: JULIO GARCÍA COMESAÑA,
CONSELLEIRO DE SANIDADE

O goberno español publicou no BOE o 4 de decembro de 2020 a Orde SND/1158/2020, do 2 de decembro, pola que se aproba a oferta de prazas e a convocatoria de probas selectivas 2020 para o acceso no ano 2021, a prazas de formación sanitaria especializada para as titulacións universitarias de grao/licenciatura/diplomatura de Medicina, Farmacia, Enfermería e ámbito da Psicoloxía, a Química, a Bioloxía e a Física.

A Lei de Medidas Fiscais e Administrativas dos orzamentos do 2021 recolle, na súa disposición adicional segunda, unha serie de medidas especiais en materia de procesos selectivos ou de provisión derivadas da situación de emerxencia sanitaria.

CIG-Saúde ten remitido o escrito que se acompaña ao Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social para que tome medidas equivalentes ás que figuran na Lei de Medidas Fiscais e Administrativas dos Orzamentos da Xunta do ano 2021, que permitan que as persoas que estean en illamento tanto por padecer a infección por SARS- CoV-2 como por ser contactos estreitos con persoas positivas para este virus, e poidan fisicamente asistir ao exame, poidan realizar as probas selectivas 2020 para o acceso no ano 2021, a prazas de formación sanitaria especializada, sen risco para o resto de examinandos e evitar que perdan a oportunidade de presentarse ao mesmo despois de tantos meses de estudo.

Solicitamos do Conselleiro de Sanidade que apoie estas medidas na próxima reunión do Consello Interterritorial, xa que entendemos que a situación de emerxencia sanitaria derivada da pandemia da COVID-19 constitúe unha causa de forza maior que xustifica as medidas que se toman na Lei de Medidas para os procesos selectivos ou de provisión, tamén é aplicable á convocatoria de probas selectivas 2020 para o acceso no ano 2021, a prazas de formación sanitaria especializada.

Compostela, 11 de decembro de 2020

M^a Xosé Abuín Álvarez
Secretaria Nacional CIG-SAÚDE
Telf.: 662 31 29 58
secretarianacional@cig-saude.gal